

Lembranza da capela de san Roque

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ*

Sumario

Esta é unha viaxe breve pola historia e polas imaxes da capela de san Roque de Betanzos, construída e reconstruída varias veces desde o s. XV e destruída case por completo en 1983 para converterse na oficina principal de Caixa Galicia na cidade.

Abstract

This is a short journey through the history and images of the chapel of San Roque in Betanzos, built and rebuilt various times since the fifteenth century, and almost completely destroyed in 1983 in order to convert it into the city's main office of Caixa Galicia.

De casualidade atopei na casa unhas fotos que fixera en outubro de 1983 e que me trouxeron inmediatamente á memoria a grande impresión que me produciu daquela o derrubamento da fachada e do teito da capela de san Roque, a do patrón da cidade. Funcionario do concello desde maio daquel ano, pasaba e miraba asombrado, como tanta xente, a evolución da desfeita, e o único que se me ocorreu daquela foi deixar constancia de semellante cousa, publicando algunhas destas fotos (pasadas a branco e negro) na páxina 234 do *Anuario Brigantino* 1983, o primeiro que dirixía.

Ninguén deu unha voz máis alta ca outra, todo semellaba normal e a capela desapareceu da vista en poucos días: o 5 sacouse a cruz, o 6 e o 7 derrubouse o campanario e xa se continuou coa fachada, rematándose os traballos o 23, cando só quedaban en pé a parede do fondo e as laterais. Os retablos, desmontados, leváronse en camións non sei a onde nin con que finalidade. Por iso agora, algo máis de vinte anos despois e sen ánimo de facer xuízos, pareceume oportuno lembrar que alí, onde hoxe está a oficina principal de Caixa Galicia, estivo durante séculos unha capela moi popular, reconstruída varias veces ao longo do tempo e dedicada ao principal santo protector das pestes no mundo cristián: san Roque.

Unha sucesión de construcións e destrucións (curiosamente arredor dos anos 70 ou 80 de cada século) marcan a historia pouco coñecida desta capela, que nunca puido rivalizar coas tres igrexas góticas, intramuros, nin coa de San Domingos extramuros. Nas súas distintas facianas, tampouco todas coñecidas, semella que sempre tivo un estilo popular á maneira de tantas outras que vemos nas nosas aldeas.



A capela de san Roque en ruínas, antes da súa reconstrución no 1886. Debuxo de don Francisco Javier Martínez Santiso, publicado como ilustración do traballo de don Juan Gómez Navaza («El Bachiller Hungarelo»), «La capilla de San Roque», en La ciudad de Betanzos en la conmemoración del quinto centenario del voto a su patrono tutelar el glorioso San Roque (1416-1916).

*Alfredo Erias Martínez é director do *Anuario Brigantino*, do Arquivo e da Biblioteca municipais de Betanzos e do Museo das Mariñas.



A capela de san Roque arredor de 1900, coa imaxe que deixaron as obras de 1886. Foto de Ferrer coloreada informaticamente por Alfredo Erias.



A capela de San Roque no 1915 logo das obras custeadas por dona Carmen Pita Caramés, rematadas o 6 de xuño dese ano. Esta é a faciana que chegaría ata o derrubamento de 1983. Foto: F. J. Martínez Santiso.

Segundo Manuel Martínez Santiso na súa *Historia de la ciudad de Betanzos* (1892), no 1404 Betanzos sufríu unha gran peste, que se repetiría en 1415: “no pudiendo contener tantos cadáveres los cementerios, que eran en aquella época los átrios, fué preciso extraerlos para fuera, y la tradición dice que se les dió sepultura pasado el Puente nuevo”. Segundo el, foi daquela cando a xente se encomendou a san Roque, desaparecendo a epidemia. A partir de aquí fomentouse o culto ao santo, organizouse unha confraría, que desde logo se documenta no s. XVI (a súa constitución tivo lugar en 1579), e supón que se construíría unha primeira capela extramuros, no Campo da Feira. Ese primeiro edificio do s. XV sería substituído por outro no s. XVI, arruinándose de tal maneira que en 1608

non existía xa capela ningunha. Con todo, en 1677 si había unha, a terceira, e xa levaba aberta ao culto algúns anos, custeada con esmolos dos veciños e estando á fronte un capelán. Segundo unha nota de Vales Villamarín, reedifícase arredor de 1683, non sabendo se se trata da edificación á que aludiu Martínez Santiso ou a obras de reconstrución posterior, posto que non parece razoable que se reedificase de novo unha década ou dúas despois de edificarse.



Xente da familia Pita-Lissarrague diante da capela recién arranxada, despois de 1915.

A súa situación estaba no Campo da Feira, pero ¿onde a coñecemos? Segundo a acta de fundación do Hospital de Santo Antonio, do 10-IV-1674, a fachada que mira á ermida tiña que ter 44 varas (36,74 m), mentres a que mira ás murallas da cidade (necesariamente a N.), 34 (28,39 m). Se isto é certo, e o hospital se concibía onde hoxe o coñecemos (actual Pazo de Xustiza), a capela estaría máis cara ao medio do Campo. Agora ben, se a situación do hospital se pensaba para outro lugar, digamos fronte á actual Fonte de Diana (desde 1867), á beira do camiño xacobeo que cruzaba o vello Campo de Feira, a capela podería estar onde hoxe está, cousa que resultaría lóxica, porque os edificios relixiosos se reedifican e mesmo se substitúen, pero o lugar adoita permanecer secularmente.

Segundo a visita do 7 de maio de 1663 (Arquivo da parroquia de Santiago), alí estaba a imaxe de Nosa Señora do Carme doada por dona María Taboada, primeira muller de don Pedro Núñez Roybal “... madre e yxa mientras bibieron aciendo el oficio de hermitanas y sacristanas...” (AMB, VV 36-2 e 3). O 15 de setembro de 1720 constituíuse a “*Cofradía de la Santísima Virgen del Carmen de la ciudad de Betanzos*” que permanecería ata o final.

En 1771, outra vez se derrubou a capela, por ruína, para reedificala de novo (a cuarta). As imaxes trasladáronse ao Hospital de Santo Antonio e o concello comisionou a don Vicente Quiroga para levar adiante as obras, concedéndolle 4.000 reais do Concello e 2.000 máis dos rexedores, aos que se sumaron os donativos conseguidos por unha comisión presidida polo médico don Manuel Aballe y Ribadeneira.

Sábese da existencia dun folleto editado en Santiago en 1771 (existe copia manuscrita do impreso que fora de don Gregorio Benito Trigo, dominico de Betanzos, exclaustro, que finou en 1872, no AMB-VV 36-14) na imprenta de Sebastián Montero y Fraiz, “Impresor de la Santa Inquisición y de dicha ciudad” antes de 1780, que di así: “*Memorial en que los comisionados para erijir la ya demolida capilla de San Roque, patrón Tutelar de la M. N. L. y A. Ciudad de Betanzos, piden á todos y a sí mismos se subsane ésta falta con el posible lucimiento. Para que sea menos molesto el petitorio, lo pone en metro D. Manuel Antonio de Aballe y Ribadeneira, Médico Titular de dicha Ciudad y su Hospital de San Antonio de Padua, en cuya Capilla, por falta de la suya, viendo á San Roque colocado, en obsequio del Santo, lo da á la luz á su costa en las siguientes Décimas*”. Segue a continuación un longo poema. Abriuse ao culto a nova capela en 1780, sendo correxidor don Diego Merino y Zapata.



Procesión das festas de san Roque na década de 1960 na que vemos ao patrón da cidade e tamén á copatrea desde 1954, Nosa Señora de Belén da igrexa de Santa María do Azougue, nomeada así ao coincidir co centenario da proclamación do dogma da Inmaculada Concepción, promulgado ese ano por Pío IX.

Un século despois, en 1875, sendo alcalde don Salustiano Caramés García, volveuse a pechar por ruína, levándose as imaxes á igrexa de San Domingos. O 31 de agosto de 1878 os diversos gremios da cidade reuníronse en sesión secreta “*para oponerse a la demolición del templo de San Roque acordada por el Ayuntamiento, amenazando a éste con destruirle sus edificios y obligándose ellos a prestar gratuitamente sus trabajos y el de sus oficiales para reparar la capilla del patrono*” (VV 36-2), conseguindo así que quedase en suspenso o acordo municipal. De feito, e grazas ás xestións do sacerdote don Benito García Iglesias, capelán do hospital, e dos señores don Francisco Lorenzo e don Román Golpe, recompúxose o edificio, e o 2 de xaneiro de 1887, sendo alcalde don César Sánchez San Martín, abriuse de novo ao culto:

“Recompuesta y hechas en la capilla de S. Roque las obras necesarias por cuenta de los petitorios, el día 31 de este mes serán bendecidas las campanas por don Hipólito Caramés. El día 2 de enero saldrán en procesión de Sto. Domingo las imágenes de S. Roque, de la V. del Carmen y demás correspondientes de dicha capilla, y una vez instaladas en ella, se abrirá la misma al culto, cantándose en dicho día una misa. D. José Penedo Golpe, hijo de Betanzos, predicará. En la noche del 2: festejos, banda, bombas, globos, cucañas, bailes en el Liceo”. (La Voz de Galicia, 27-XII-1886).

Construído por Mancera, o mellor carpinteiro da cidade, dentro da capela estaba o altar maior dedicado a san Roque, doado por don Fabián Adrianséns e a viúva de don Domingo Caramés (deputado e senador), tíos de dona Carmen Pita Caramés (esta familia

ILMO. SR. DIRECTOR GENERAL DE BELLAS ARTES

El Cura párroco de Santiago de la Ciudad de BETANZOS, a V.S. Ilma. con todo respeto expone=

Que en la PLAZA de "HERMANOS GARCIA NAVEIRA" hay dos TEMPLOS: el de SANTO DOMINGO (antigua iglesia conventual de / los Dominicos) y la CAPILLA DE SAN ROQUE: ambas en lamentable estado de conservación. El de SANTO DOMINGO es digno de ser restaurado, pero no así la Capilla de San Roque, cuyo aspecto afea la preciosa Plaza y carece de todo valor artístico.

Siendo urgente el acondicionar debidamente en la referida PLAZA un TEMPLO digno para las atenciones religiosas de la gran zona urbana que en ese sector va surgiendo y construir unos SALONES PARROQUIALES; al clero de la Ciudad, asesorado por el Consejo de Pastoral le parece una solución viable el traslado de la Capilla de SAN ROQUE para el interior del TEMPLO DE SANTO DOMINGO: en donde podría acondicionarse debidamente, dada su amplitud y estructura peculiar, y demoler el Templo de San Roque para convertirlo en Salones parroquiales o enajenarlo para, con su imperio, emprender las obras necesarias en el TEMPLO DE SANTO DOMINGO y hacer en otra parte los Salones parroquiales.

Por todo ello ruego encarecidamente a V.S. Ilma. se digna desafectar la actual Capilla de SAN ROQUE del conjunto Artístico-Monumental, para que pueda en su día enajenarse o cambiar su estructura y finalidad.

ES GRACIA que el recurrente confía alcanzar de la reconocida bondad de V.S. Ilma. cuya vida guarde Dios muchos años.

BETANZOS 24 de Abril de 1971.


(Firm. Román Bretal Sieira)

Carta (ou copia, pero asinada) do 24-IV-1971 que don Román Bretal Sieira, cura-párroco da igrexa de Santiago, da que depende a capela de San Roque, dirixe ao "Director General de Bellas Artes" co obxecto de "desafectar" a capela do conxunto "Artístico-Monumental" para, de feito, vendela logo (AMB, VV 36-12).

*Nos primeiros días de outubro de 1983 os retablos foron levados en camiións sen que se saiba a onde nin con que finalidade.
¿Existen aínda? Fotos: Alfredo Erias.*





Arriba, imaxe final da capela de San Roque, aínda enteira, o 4-X-1983. Abaixo, inicio do derrubamento do campanario o día 6. Fotos: Alfredo Erias.





*Inicio do derrubamento do campanario o día 6, visto desde o Palco da Música.
Foto: Alfredo Erias.*

dotaría e coidaría a capela ata o final); tiña unha imaxe grande que veu de Italia e outra pequena de vestir, ademais de san Domingos e san Fabián, mercados en Barcelona, regalos do dito don Fabián segundo unha nota de Vales, ou de dona Carmen Pita segundo don Juan Gómez Navaza (1916). Outros altares, todos construídos por Mancera, eran o de santa Teresa e o de san Xosé. O de santa Teresa foi doado por don Hipólito Caramés, párroco da igrexa de Santiago, e tiña as imaxes seguintes: santa Teresa, santo Estevo e santa Ifixenia, “*carmelitas, negros, de Etiopía*”. Nas notas de Vales fálase tamén do altar de “*Santa Teresita del Niño Jesús*”, construído por Mancera-fillo. O de san Xosé foi doado por dona Tomasa Caramés, viúva de don Serafín Pita e as súas imaxes eran: san Xosé, san Sebastián e san Bieito (?), este último doado por don Fabián.

En 1901 a “*Cofradía del Carmen*” mercoulle ao escultor Ramón Núñez de Santiago a imaxe da Virxe do Carne.

Coñecemos a fachada que tiña antes e despois de 1886, así como as obras de principios do s. XX, custeadas por dona Carmen Pita Caramés, rematadas o 6 de xuño de 1915, amosando a faciana final que se perpetuaría ata o derrubamento de 1983.

Nos derradeiros anos do franquismo, en 1971, e cos argumentos de “*habilitar dignamente para el Culto el templo de Santo Domingo*” e máis “*dotar a Betanzos de unos amplios salones parroquiales*”, estíbese a xestionar un expediente promovido polo cura-párroco da igrexa de Santiago, don Román Bretal Sieira, para a “*desafección*” do edificio, cousa que veu anunciando na folla parroquial (*La Voz de tu Parroquia*) en varias ocasións ao longo de 1970. Concretamente na do 6 de decembro dese ano, e cos argumentos ditos, anunciaba a apertura dun expediente no prazo de 30 días con obxecto de “*solicitar la necesaria autorización de la Autoridad eclesiástica, rogando encarecidamente a*

todos los fieles de Betanzos que no vean viable u oportuna esta solución, se dignen comunicárselo por escrito al Párroco de Santiago, fundamentando su improcedencia y apuntando otras posibles soluciones". Non sabemos se alguén dixo algo. En todo caso, na carta que don Román Bretal dirixe ao *director general de Bellas Artes* do 24-IV-1971 di que o "*clero local*" estivo asesorado polo "Consejo de Pastoral" (AMB, VV 36-12).

O propio cronista oficial da cidade, don Francisco Vales Villamarín, envíalle un informe o 6-VII-1971 a don Manuel Chamoso Lamas, "*Consejero provincial de Bellas Artes*" onde, por unha parte, ratifica as teses de don Román, mentres pola outra se lamenta de que se chegue a esta decisión. Nótase perfectamente que don Francisco accede a isto de moi mala gana, intentando que o concello, que el considera propietario da capela, tome cartas no asunto:

"... La ermita actual, dieciochesca, es, al parecer, la cuarta que hubo de erigirse en el mismo lugar en honor del glorioso Peregrino de Montpellier. De no poder arribarse a una total reconstrucción del templo –como sería de desear-, no procede otra solución que la apuntada.

Ahora me permito recomendar con todo encarecimiento al señor regente de la parroquial referida trate de conocer, oficialmente, el sentir de la Municipalidad respecto al particular, propietaria –a juzgar por antecedentes que obran en el archivo consistorial- del edificio religioso, en la seguridad de que el Concejo, perfectamente penetrado de la necesidad expuesta, no tendrá inconveniente alguno en ceder a la comunidad cristiana los derechos que sin duda le asisten. A título informativo me creo en el deber de hacer presente que el 31 de agosto de 1878 los diversos gremios establecidos en el pueblo se reunieron en sesión secreta "para oponerse a la demolición del templo de San Roque acordada por el Ayuntamiento, amenazando a éste con destruirle sus edificios y obligándose ellos a prestar gratuitamente sus trabajos y el de sus oficiales para reparar la capilla del patrono", quedando en suspenso, en vista de ello, el acuerdo adoptado por la corporación municipal" (AMB, VV 36-2).

Ao ano seguinte, o 21 de xuño de 1972, o Concello deuse por enterado da resolución da "*Dirección General de Bellas Artes*" relativa á demolición da capela e o resultado final foi que en 1983 se derrubou cando xa era propiedade de Caixa Galicia, onde edificaría a oficina principal na cidade, ademais de salón de conferencias e centro social. A San Domingos xa pasara a imaxe de san Roque e o seu altar en 1974, celebrándose alí os actos litúrxicos correspondentes e a Función do Voto.

Don Román mercou un baixo para accións parroquiais na rúa Alcalde Becaría e as obras de San Domingos fixéronse, aínda que non lle chegaron os cartos e tivo finalmente que organizar unha colecta. Pero, en definitiva, a centenaria e popular capela de san Roque desapareceu da vida da cidade, aínda que quen entre en Caixa Galicia verá en pé as vellas pilastras (quizais do s. XVIII) e a pequena boca oval de cantería e ar barroco do confesionario que comunicaba co contiguo Colexio de Orfas, edificio do s. XVIII que aínda existe.

Destruída e reedificada tantas veces ao longo dos séculos, ¿volverá erguerse algún día a popular capela de san Roque?



*Arriba, inicio do derrubamento do campanario o día 6, visto desde a Porta da Vila.
Abaixo, empeza a tirarse a fachada (7-X-1983).
Fotos: Alfredo Erias.*





O 23 de outubro de 1983 a capela de san Roque desapareceu case por completo. A partir de aquí xurdirá unha faciana distinta, pero que mantén un certo ar historicista, grazas ao arquitecto Fernández Gago, o que fai que a imaxe da vella capela aínda loite por pervivir dalgún xeito (véxase fotografía inferior tomada o 8-IV-2004). Fotos: Alfredo Erias.



Pía de auga bendita da capela de san Roque, hoxe no Museo das Mariñas. Foto: Alfredo Erias.